Para autónomas

TRABALLAR POLA TÚA CONTA NON DEBERÍA SIGNIFICAR VIVIR COA AUGA AO PESCOZO



FÍO DO RELATO

Altos prezos do alugueiro de vivenda e de locais comerciais

↓

Perda de poder adquisitivo da clientela e menor consumo na economía de proximidade

↓

Marxes axustadas e asfixia económica para as traballadoras por conta propia

↓

Inseguridade laboral e risco permanente de peche ou abandono do negocio

↓

Organización e resposta colectiva

O 11N PARAMOS

Entendemos que parar ou pechar un día supón un esforzo económico inmediato para quen traballa pola súa conta. Pero non facer nada vai supor un goteo constante de perdas e afogo mes a mes. Se conseguimos regular e baixar os prezos dos alugueiros e das vivendas, as familias terán máis cartos dispoñibles para consumir e os autónomos poderemos sacar adiante os nosos negocios con tranquilidade.

Podes apoiar de distinto xeito, según a dispoñibilidade da túa actividade: facendo paro durante a xornada, difundindo as reivindicacións entre os teus clientes e nas redes sociais, ou participando nas accións do teu barrio. **Deixámoste una cartaz de Folga para o teu local ou as túas redes? Queres que te informemos das reunións do comité de Folga barrial?**

TRABALLAR POLA TÚA CONTA NON DEBERÍA SIGNIFICAR VIVIR COA AUGA AO PESCOZO

Sabemos o que custa sacar adiante un negocio e chegar a fin de mes cando cada gasto conta. Non ten sentido traballar todo o día e que casi todo o que gañas marche co pagamento da vivenda. O 11 de novembro defendemos que traballar por conta propia tamén permita vivir dignamente. Porque traballar non debería condenarmos a vivir ao límite.

OS ALUGUEIROS CÓMENSE OS TEUS INGRESOS E POÑEN EN RISCO O TEU NEGOCIO

Cada vez custa máis manter un negocio, pagar os gastos e chegar a fin de mes. E mentres tanto, unha parte enorme do que gañamos vaise en pagar un teito. Queremos poder traballar, aforrar e sacar adiante os nosos proxectos sen que o alugueiro se leve os nosos ingresos.

SE A XENTE NON CHEGA A FIN DE MES, TAMPOUCO PODE CONSUMIR NO TEU NEGOCIO

Se a xente deixa o soldo no alugueiro, ten menos cartos para comprar, consumir e contratar servizos. Isto tamén afecta aos que vivimos do noso traballo e dos nosos negocios. Queremos barrios onde a xente poida vivir e consumir, e onde os autónomos poidamos gañarnos a vida sen estar sempre ao límite.